

CATAVENTOS

suplemento patrocinado por
© CALYAGAL


COORDINADOR: J. M. GIL DE BERNABÉ

O nacemento montado no Centro «José Domínguez Guizán»

J.M. Gil de Bernabé

HOMENAXE

O astro nadalíño luce esplendente polas terras chairegas de Begonte



Begonte é a capital do belenismo galego desde 1972, e nestes anos recibiu milleiros de romeiros e visitantes polo Nadal, para admira-la obra do seu fundador

Co gallo da arribada da máis popular das nosas solemnidades do ciclo festivo anual: a conmemoración das celebracións do Nadal —que comporta a Noite Boa, a Natividade, os Santos Inocentes, o Ano Vello, Aninovo e Reis—, un astrónomaxico e esplendente brilla vigoroso desde o ceo begontiño das chairas lucenses para anuncia-lo nacemento do Neno Deus neste tempo de fin do século, no que a mensaxe redentora do Anxo anunciador, pregoará claramente un suceso maravilloso acontecido na historia da Humanidade, a encarnación de Xesús e a reafirmación do seu reinado perentorio neste mundo materializado, que camiña tralos ídolos ilusorios, mundanos e consumistas. Unha luz divina aportadora de salvación, que espallará claridades polos camiños dos

humanos e fluxo radiante e vivificador ós pobos, feito que propiciou unha doutrina florecente de fe, amor e paz para tódolos habitantes da Terra.

• A mostra do Nadal

Hai dezaseis anos que o párroco D. José tivo un soño: entregouse a fantasía de vivi-lo momento da chegada do Redentor ó Mundo, de se-lo testigo profético do grande acontecemento, de vivir entre o seu pobo a manifestación do Mesías; e de seguida veu a inspiración e o desexo de crear un «nacemento» na súa freguesía, aberto a todo o mundo e, con dous colaboradores e amigos (José Rodríguez e Dionisio Varela), planificou e estudou o proxecto e logo montaba e poñía en marcha un «belén», e non só como medio didáctico de explica-lo significado do pasado

2000 anos atrás, senon que tora abofé para glorifica-lo Salvador e revivir nos seus paisanos o portento de Belén.

O conxunto é accionado por compoñentes electrónicos, nunha escenografía de grande valor artesán, clara expresión da mensaxe cristiana das máis puras fontes

Deste xeito o conxunto é accionado por compoñentes electrónicos, nunha escenografía de grande valor artesán e, sobre todo, como parábola e núcleo da mensaxe cristiana transcendente,

nunha simboloxía navideña ben viva nos cadros da programación. No proceso elaborador houbo momentos de desánimo e desesperanza por parte destes homes meritorios, pero o esforzo do corazón, a convicción da vontade e a confianza expresada polos veciños e parroquianos, levaron adiante a idea de realizar aquel soño, de edificar unha escenificación do Nadal, de trae-la aldeia palestina berce do Señor, á Terra Chá luguesa.

No «Belén electrónico» de Begonte —deste modo xa denominado para sempre—, está a exposición plástica da Galicia rural, os costumes antigos e os oficios tradicionais do mesmo Concello, e dos de Vilalba, Guitiriz, Cospeito, Rábade, Outeiro de Rei, Friol e Guitiriz, as paixases recoñecibles das parroquias de Baamonde, Begonte, Bóveda, Carral, Castro Cerdeiras, Damil, Donalbai, Felmil, Gaibor, Illán, Pacios, San Vicente de Pena, Santa Eulalia de Pena, Saavedra, Trobo, Uriz, Valdomar e Virís, e os labores domésticos, os arquetipos dos moradores e as figuracións colectivas daquela sociedade labrega de hai unhas décadas, no seu aspecto máis significativo e cotidiano, antes que os masivos medios de comunicación, as transformacións sociais e económicas, produciran un cambio pola raíz na vida comunitaria. Mais é a Galicia auténtica, a presente e dominante durante séculos nesta xeografía do noroeste peninsular e que dunha maneira esquemática—, está diante dos nosos ollos no Centro Cultural «José Domínguez Guizán».

E o «belén» quedou armado: unhas 35 figuriñas articuladas, movementos sincronizados, contrastes luminicos, fenómenos atmosféricos e astronómicos (noite e día, a neve que cae, tormentas con tronos e lóstregos, e o sol, a lúa e as estrelas), música de panxoliñas, arrollos, cantos de berce e de reis, nuns ciclos que son admiradas polos visitantes convocados pola estreliña de Begonte para vela mostra plena de beleza franciscana e deleite espiritual na com-

posición, sentimento claro de lurturxia popular, seña evidente de nuestra cultura patrimonial.

• Una lección de etnografía

Begonte é a capital galega do belenismo e a súa representación ten un carácter bíblico, pero tamén moi noso, nunha paisaxe de montañas e vales, regados por ríos que poden se os da comarca: Parga, Ladra, Ameneiro, Porto Lousado, Xarabixo e outros máis pequenos, tais como Vilafrades, Rega, Nedo..., con pastores da bisbarra —gardadores do vacuno, ovellas e cabras, e mailos cabalos—, vindo polos ruciros e

presentando as ofrendas; artésans diversos traballando nos oficios tradicionais: leñadores, serranchís e carpinteiros, uns cortando a madeira nas fragas (preferentemente castiñeiros, carballos, cerdeiras, bidueiras, piñeiros...), os segundos serrando as travesas e os terceiros construíndo nos seus obradoiros traballos diversos que poderían selos carros (fragueiros), as armaduras das obras (de armar), a moblaxe (de taller), a labra das zocas (zoqueiros), adicados á fabricación das cubas (cubeiros); tamén hai cesteiros tecendo nas canastras e oleiros no seu alfar, etc.; campesiños facendo a súa laboura propia nas herdades, leiras, searas, ribeiras, sóutos, carballeiras, devesas, nabeiras, toxearas. Logo veñen mostras de outros oficios: os amoladores, curmaos do afiador-paragüeiro ambulante cunha vella roda —nun constante viaxar—, que parece fala-lo barallete, os ferreiros petando no zafrá da forxa e tirando da fornalleira, provistos do barquín, trompa e rodas de afiar; o pescador do lugar coa súa cana atrapando troitas, lampreas ou anguías nas augas do río; unha mulleriña aldeá provista do fuso, fia na roca, logo do asedado e cardado do liño; a lavandeira lava nas augas xeadas... No «belén» parecen vislumbrarse outras profesións: zapateiros e pedreiros, ferradores e zarralleiros, curtidores e albardeiros, xastres e costureiras, palilleiras e teceláns, castañeiras e fogueteiros, pulpeiras e músicos, feirantes e taberneiros, alquitareiros e capadores, muiñeiros e panadeiros...

E non podería falta-la gastronomía da terra: nun póte ferve o caldiño; uns velliños dan boa conta dun xantar deste tempo; un cabreiro degusta o lacón, e nas cociñas adiviñase a proximidade da matanza do porquiño... (roxóns, figado, raxo, chourizo, morcelas, filloas, etc.), ben acompañado pola rica despensa da caza (lebres, coellos, perdís, paxaros...), e dos saborosos produtos do agro (patacas, millo, trigo, centeo, hortalizas...). E neste intre un lembra o cheiro sublime dun guisado de bacallau con legumes, e queixo, froitas e larpeiradas diversas: doces, rosquillas, orellas, tartas, pasteis, figos, uvas pasas, papas de arroz con leite, e licor café, viño tostado, augardente...

Están así mesmo as casas labregas típicas de pedra ou pizarra, cubertas ben de tela, ben de follas pizarrentas, coas súas dependencias e elementos; e as construcións adxectivas domésticas e comunais, xa de modelo campesiño, xa de tipo vilego: os palleiros e combarrizos, os hórreos ou canastros, as adegas e os fornos, os muiños, norías, fontes de canos, pozos e regas, os poleiros e cortellos, pombares e combarizas, as cabanas e os mu-

ros, os cruceiros significativos nos camiños; non pode falta-lo pazo-castelo do rei Herodes maldito; e acolá o cortexo maxestuoso dos Reis Magos camiñando desde Oriente á busca do Rei de Reis, guiados polo gran «foguete» que foi a «estrela de Belén», montados en cabalgaduras exóticas e enfeitados de ricas vestimentas, para adora-lo prodixio vaticinado polos profetas; acó o portal co Misterio completo: San Xosé, a Virxe e mailo Neno Xesús, así como o boi e a mula, nun panorama xeral de etnografía galega, nun contexto de adoración e de ledicia ante a Sagrada Familia, ante o Home feito Deus, ante a Luz do Mundo e Salvador dos homes que, agora, escolleu esta terra, estas xentes a esta paisaxe. *

• Un Belén cósmico

D. José, transportado na plenitude do paraíso, e dereita do Pai Noso, montará un «belén» cósmico liberador, semellante ó da súa parroquia, pero de certo, victorioso e rendoso, ostentoso e universal, con figuriñas de barro a madeira rebosantes de vida e gracia divina, con cantores que participan na música celestial: nunha panxoliña sinfónica glorificadora e eterna, mensaxeira dunha alborada de aleluias e melodías de anxos que entonan hosannas de honra e amor ó Deus Eterno, nunha especie de Misa de Galo total oficiada polo párroco, na que os congregados son os espíritos benaventurados que ocupan o espacio sideral e galáctico... e sen funciona-los motoríños como os de Begonte.

O busto de bronce do crego xeneroso esboza un sorriso, e a placa do monumento exclama: «A D. José de Begonte. Con su trabajo y su pobreza nos enriqueció a todos»

E velaí os despertar do sono do bo crego chairego, xa no Reino da Luz, e abaixo a lección exemplar do seu labor na Terra para todos nós, namentres o Nadal segue a da-la sona mellor e prestixio distinguido a Begonte, como santuario da fe dos milleiros de peregrinos de toda Galicia e do fero da Nosa Terra, como punto de encontro dunha romería anual e gratificante ó longo dos anos, como faro de amor, paz e fraternidade de fieles renacidos, e facho de esperanza para toda a Humanidade que camiña polos sendeiros tenebrosos desta vida.

O busto de bronce do crego xeneroso esboza un sorriso, e a placa do monumento exclama «A D. José Begonte. Con su trabajo y su pobreza nos enriqueció a todos».